



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Marcelo Macías nº 59
Xinzo de Limia CP 32630
Tfno. 988788456, 988788455

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN AULA ESPECÍFICA. CURSO 2019/2020

C.E.I.P Carlos Casares
Aula específica
12 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
ÁREA MATEMÁTICAS		
Recoñecer, coñecer, escribir e ordenar distintos tipos de números.	Escribe e ordena números ata o 500.	Competencia Matemática, competencia en comunicación lingüística, competencia para aprender a aprender.
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel.	Resolve problemas que impliquen os contidos matemáticos traballados de maneira manipulativa.	Competencia Matemática, Competencia para aprender a aprender, Competencia en comunicación lingüística,
Realizar operacións lóxicas de maneira manipulativa.	Realiza sumas directas e sinxelas de maneira manipulativa.	Competencia Matemática, competencia para aprender a aprender.
ÁREA DE LINGUA CASTELÁ		
Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas.	Participa en diversas situacións comunicativas.	Competencia en comunicación lingüística.
Ler textos adaptados.	Le contos adaptados ao seu nivel con pictogramas.	Competencia en comunicación lingüística, competencia dixital.
Producir e copiar textos sinxelos.	Copia textos sinxelos sen equivocarse.	Competencia en comunicación lingüística.
Coñecer o alfabeto español en maiúscula e minúscula.	Coñece e escribe as letras do alfabeto español tanto en maiúscula como en minúscula.	Competencia en comunicación lingüística.
Ampliar o vocabulario	Emprega palabras novas en situacións de comunicación.	Competencia en comunicación lingüística, competencia dixital.
ÁREA DE LINGUA GALEGA		
Coñecer algunha palabra e expresión en galego	*ÁREA NA QUE ESTÁ EXENTO.	
	Coñece e emprega algunha palabra en galego.	Competencia en comunicación lingüística
ÁREA CIENCIAS DA NATUREZA		
Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións .	Realiza experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	Competencia matemática e competencia básica en tecnoloxía, competencia en comunicación lingüística, competencias para aprender a aprender.
Identificar e localizar as principais partes do corpo.	Identifica e localiza as principais partes do seu corpo.	Competencia para aprender a aprender.



Identificar os sentidos	Identifica algún dos sentidos no seu propio corpo.	Competencia matemática e competencia básica en tecnoloxía e competencia para aprender a aprender
Recoñecer e adoptar estilos de vida saudables.	Coñece algúns alimentos para unha dieta saudables.	Competencia en comunicación lingüística.
Coñecer e clasificar algúns animais: salvaxes-domésticos, onde vive, que comen...	Identifica algúns animais e as súas características principais.	Competencia matemática e tecnoloxía, Competencia en comunicación Lingüística.
<u>ÁREA CIENCIAS SOCIAIS</u>		
Amosar actitude de participación e colaboración nas tarefas encomendadas	Participa dunha maneira activa nas tarefas propostas.	Competencia social e cívica, competencia para aprender a aprender.
Coñecer algún elemento do Sistema Solar	Localiza o sol dentro do Sistema Solar e algún planeta.	Competencia matemática e tecnolóxica e competencia en comunicación lingüística
Recoñecer o estado español	Localiza nun mapa onde está España.	Competencia en comunicación lingüística e competencia social e cívica.
<u>ÁREA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS</u>		
Identificar aspectos básicos da lingua inglesa: cores e números.	Coñece e identifica as cores e os números ata o 10	Competencia en comunicación lingüística
Escoitar un texto en lingua inglesa.	Escoita textos en lingua inglesa	Competencia en comunicación lingüística
Comprender una orde sinxela en lingua inglesa.	Comprende ordes moi sinxelas en lingua inglesa.	Competencia en comunicación lingüística
Empregar algunha palabra en lingua inglesa nas súas interaccións comunicativas	Emprega palabras como as nomes das cores, hello, goodbye (bye), sit down	Competencia en comunicación lingüística
<u>ÁREA EDUCACIÓN FÍSICA</u>		
Participar nas actividades físicas propostas e por en práctica algunhas das normas e regras dos xogos.	Participa nas actividades motrices propostas pondo en práctica algunha das regras e normas propostas.	Competencia social e cívica, competencia para aprender a aprender
Resolver situacións motrices diversas	Realiza desprazamentos, lanzamentos, , golpesos...	Competencia para aprender a aprender, competencia social e cívica.
Utilizar os recursos expresivos do propio corpo	Utiliza distintos segmentos corporais e os incorpora as actividades motrices.	Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
Ter unha actitude positiva e activa fronte as actividades motrices	Gozar coa práctica do exercicio físico	Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor, competencia social e cívica e competencia para aprender a aprender.



ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA		
EDUCACIÓN PLÁSTICA		
Identificar as cores e empregalas nas súas expresións artísticas.	Emprega todas as cores nas súas representacións artísticas.	Competencia expresión artística e cultural
Experimentar con diferentes tipos de imaxes para deseñar carteis e crear composicións artísticas	Crea e realiza diversas e diferentes creacións artísticas.	Competencia expresión artística e cultural
Participar con interese, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade nas súas representacións artísticas.	Participa nas actividades propostas.	Competencia expresión artística e cultural Competencia social e cívica.
Empregar diversos e diferentes materiais plásticos.	Emprega rotuladores, ceras, lápices de cores, pintura de dedos...nas súas creacións plásticas.	Competencia expresión artística e cultural Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor
EDUCACIÓN MUSICAL		
Empregar a escoita de diferentes sons e estilos musicais.	Escoita diferentes e diversos sons e estilos musicais.	Competencia expresión artística e cultural.
Explorar as posibilidades sonoras do propio corpo.	Reproduce con diversas partes do seu corpo algúns sons.	Competencia expresión artística e cultural
Participar en diversas actividades musicais.	Participa en bailes e coreografías co resto do grupo e de maneira individual	Competencia expresión artística e cultural.
Recoñecer algún elemento musical.	Recoñece a clave de sol e algún instrumento musical.	Competencia expresión artística e cultural
ÁREA VALORES CULTURAIS E CÍVICOS		
Comprender o sistema que rexen as normas de convivencia no centro escolar.	Acata as normas de aula e de centro	Competencia social e cívica.
Participar na vida escolar e nas actividades que rexen a vida no centro educativo.	Participa nas actividades escolares.	Competencia social e cívica.
Desenvolver a súa autonomía persoal e o seu propio potencial.	Mostra cada vez máis autonomía no seu día a día.	Competencia social e cívica.



2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Os procedementos que se levaron a cabo tanto no primeiro como no segundo trimestre foron a través dunha metodoloxía baseada na atención as necesidades, intereses e desexos do alumno partindo do seu nivel de desenvolvemento propiciando unha educación principalmente activa e participativa, tentando que dende o principio de individualización chegase a interiorizar o traballo en grupo cos seus iguais sendo sempre el o protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe.</p> <p>O emprego da observación directa e sistemática, tarefas e fichas realizadas polo alumno, a interacción cos iguais foi o punto de partida para facer unha valoración nos dous primeiros trimestres.</p>
Cualificación final	<p>Instrumentos:</p> <p>Rúbricas, tarefas do alumno realizadas de maneira escrita ou a través de vídeos, diario de aula e axenda persoal.</p> <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Ante a situación excepcional que estamos a vivir a cualificación final do alumno partirá dunha avaliación continua onde o traballo neste terceiro trimestre non afectará negativamente a cualificación final pero si terase en conta positivamente o esforzo, o traballo e o estado emocional do alumno.</p>



3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Establecéranse sesións semanais, mediante a aplicación webex (recomendada pola Xunta) na que lemos contos, cantamos, bailamos, e fomentamos os hábitos comunicativos na medida do posible, tendo en conta as características propias do alumnado con TEA.</p> <p>Por outra banda, tamén se irán enviando tarefas semanais e/ou quincenais de recursos materiais e dixitais, para apoiar e reforzar aspectos xa traballados na escola durante os dous primeiros trimestres.</p> <p>Priorizaranse a realización de actividades da vida cotiá para fomentar a súa autonomía e confianza en si mesmo, tales como: poñer e recoller a mesa, axudar a limpar e recoller o seu cuarto, colocar a compra, etc.</p> <p>Da mesma forma, tamén se darán pautas para organizar outro tipo de actividades para aproveitar en familia, como facer xogos sensoriais con fariña, legumes, olores con especies, xogos manipulativos con obxectos da vida cotiá, escoitar música e bailar...</p> <p>Terase moi en conta o aspectos emocional durante este período, tendo en conta que os sentimentos e emocións poden ser moi cambiantes neste tempo, tentando ofrecerlle ao neno refuxio onde sentirse en calma, pero o mesmo tempo, onde poder desafogar.</p>
<p>Metodoloxía</p>	<ul style="list-style-type: none">• As actividades envíanse a través da aplicación ou do correo en cuestión que se revisan diariamente e reenvíanse ás familias.• O volume de actividades organízase atendendo ás circunstancias familiares.• Durante este último trimestre, coincidindo co período de confinamento, o noso principal obxectivo é distraer o alumno e establecer unhas rutinas novas para evitar, na medida do posible, as descompensacións condutuais e emocionais que poida ter durante este tempo. <p>Polo tanto, ao ser a familia o principal punto de apoio respecto a relación escola-alumno, a nosa <u>metodoloxía</u> será totalmente flexible e adaptada as necesidades individuais do neno e ao mesmo tempo, as necesidades mais xerais da familia.</p>



	<p>Dende o principio desta situación, pasáronselles unhas indicacións tipo á familia, tales como intentar establecer un horario dentro das rutinas diarias do fogar, axudarse con pictogramas se fora necesario, utilizar axendas visuais, variar as actividades mais sedentarias con outras que requiran movemento, incluílo nas tarefas do fogar, etc.</p> <p>Ao mesmo tempo, fíxose fincapé á posibilidade de ser flexible en canto a demanda das tarefas académicas, e darlle varias opcións de actividades a realizar, para que sexa el o que escollera, dentro das súas posibilidades, as tarefas a facer.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Con este alumno establécese contacto a través da axenda persoal, o teléfono e a plataforma educativa “CLASS DOJO” aplicación que cumpre o RGPD (General Data Protection Regulation) establecido pola Unión Europea así como avalado por outros selos de calidade. • Plataforma de Vídeo: WEBEX MEETINGS, onde temos unha reunión case todas as semanas. <p>Os recursos establecémolos en base as competencias para ver como se interrelacionan de unha maneira máis específica no desenvolvemento global do alumno:</p> <p><u>Competencia en comunicación lingüística:</u> A través de materiais pictografiados, contos, teatralizar accións do día a día...</p> <p><u>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:</u> A través do xogo manipulativo, clasificación de cousas que temos na casa, o traballo na horta da casa, etc.</p> <p><u>Competencia dixital:</u> Traballo a través de diferentes aplicacións, programas, xogos interactivos, visualización de vídeos...</p> <p><u>Competencia de aprender a aprender:</u> Partindo dos centros de interese do noso alumno, promover a súa autonomía, confianza e motivación, a través das tarefas do fogar e familiares. Sen esquecer os da educación emocional e da importancia da xestión das súas emocións.</p> <p><u>Competencia social e cidadá:</u> Dotalo dos novos códigos e normas de conducta derivados de esta situación a través de historias sociais</p>



sinxelas.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: estará intimamente ligada á competencia de aprender a aprender, de xeito que todo o que poida facer o noso alumno de forma autónoma, non o farán os adultos que están ao seu redor.

Competencia en expresión artística e cultural: Traballando a creatividade a través da educación artística, mediante actividades manipulativas como debuxar, facer manualidades, etc. Así como, visitas virtuais a museos.



4. Información e publicidade	
Información o alumno e á familia	<ul style="list-style-type: none">- Correo electrónico- CLASSDOJO- WEBEX MEETINGS- Web do centro
Publicidade	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcarloscasaresxinzo/

